

Cartafof

Xestionado por [Héitor Mera](#)

Manuel Forcadela: Diálogos na néboa

Unha anovadora análise de Cunqueiro

Diálogos na néboa

Manuel Forcadela

CIRP, Santiago, 2005. 124 páxs., 5 

Co aniversario do pasamento de Álvaro Cunqueiro, agroman novos traballos que intentan modernizar e aportar novos datos e lecturas sobre o escritor mindoniense. Unha anovadora achega é a que presenta o profesor Manuel Forcadela co libro *Diálogos na néboa: Álvaro Cunqueiro e Ramón Piñeiro na xénese da literatura galega de posguerra*, editado polo Centro Ramón Piñeiro.

- 15:17 16/03/2006

Neste ensaio merecente do Premio Ramón Piñeiro de Ensaio Breve analiza Forcadela, nun primeiro movemento, os motivos ideolóxicos que motivaron a Cunqueiro para volver escribir en lingua galega dende o silencio dos anos da II República, así como a aparición do denominado Realismo Máxico en confronto coa Nova Narrativa Galega. Considera o autor dous textos que configurarían o inicio e o final da colaboración de Cunqueiro co grupo Galaxia. O primeiro deles é a "Carta a Álvaro Cunqueiro, trovador galego, falándolle dos males presentes de Europa e do seu remedio, dende a ladeira dun castro lugués" de Ramón Piñeiro e publicado en 1951 en *Grial*. E o punto de remate sería o artigo de Cunqueiro, "Imaxinación e creación. (Notas para unha conferencia)", de 1963 na mesma revista da editorial Galaxia.

A partir destas anotacións pasa a facer un estudo máis profundo da escrita de Cunqueiro, centrándose no seu *Merlín e familia* pero sen esquecer as outras obras en galego. O profesor Forcadela emprega as teorías de análise literaria propostas polo teórico marxista F. Jameson, máis en concreto co seu traballo *The Political Unconscious. Narrative as a Socially Symbolic Act*. Dentro deste marco de interpretación do discurso literario (tamén utilizado no volume recente sobre *Os Eoas*); apóstase neste ensaio polo estudo cos diferentes ideoloxemas que parten das ideoloxías emanadas dos textos teóricos de Piñeiro e Cunqueiro. Baixo este apriorismo establece os motivos socioliterarios para a configuración do Realismo Máxico, en confronto coa Nova Narrativa Galega. Neste ensaio xustifícase unha nova interpretación do Realismo Máxico en canto realización literaria dun pensamento europeo e galego. É o propio Jameson quen sostén que a literatura non é máis que un reflectir dunha ideoloxía (indagando neste concepto a partir de Althusser e Lacan). Desta maneira formula Piñeiro un novo modo de interpretar Europa dende Galicia (ideoloxema), propondo un pensamento que ten a liberdade-imaxinación-arte-individualismo como premisas (creo que tamén aquí é interesante ter en conta o texto *A filosofía e o home* de Piñeiro en confronto coa interpretación do ser de Heidegger). No cotexo vese como estas constantes forman parte da arte de Cunqueiro, e como se

contraponen coa estética da Nova Narrativa Galega, que tenden cara ao existencialismo francés. Por outro lado, establece o profesor Forcadela tres procesos sucesivos dentro do facer literario de Cunqueiro: fusión diexética, identificación dos actantes e actualización do mito. A respecto da fusión diexética, esta é entendida como norma estética pola que se mesturan tempos e lugares (por exemplo, fabúlase sobre o século XIX para explicar o XX). Cando se fala de identificación dos actantes e a actualización do mito, contrástan co pensamento contemporáneo, o cal leva á redución da oposición mito/logos.

Outra idea diferente que se pode extraer deste traballo tan plural é a exposición das bases para a definición da prosa neotrobadoresca, a cal fundamentaría o Realismo Máxico como proceso que se inicia no século XIX e que iría parello coa poesía neotrobadoresca. Así como tamén a análise da construción do idilio decimonónico ollado con nostalgia, que demostraría o vínculo presente entre literatura e ideoloxía e, dentro deste, o mito como superador da historia.

Sen dúbida ningunha, este traballo é un dos exemplos dunha serie de novas pescudas que dende foros universitarios nos van chegando. Asemade, é moi loable que Forcadela tire do esquecemento outros ensaios sobre Cunqueiro, como os realizados por Ana María Spitzmeser ou Rexina Rodríguez. Destes destaca a modernidade dos seus comentarios, e que colaboren na retirada da pesada lousa do historicismo e do positivismo da que habitualmente adoecen os estudos das nosas letras.

[mércao en Andel](#)